

1

Mante-las armas en bo estado e ben coidadas, comprobando os posibles desaxustes, desgastes, limpeza, etc.

6

Non disparar sobre pezas que saian en cambios de rasante, e manter especial precaución cando agardamos a que nos saia unha peza de detrás dun matorral, dunha silveira, etc. pois pode sorprendernos que é outro cazador, un transeúnte, ou un can.

Cando se cargue ou descargue a arma dirixila cara o chan ou cara o ceo.

2

7

Respecta-las normas de seguridade establecidas: zonas de seguridade, normas dos xefes de cuadrilla, e especial atención e respecto ao resto compañeiros da cacería.

3

Asegurarse de descargalas antes de manipulalas, de camiño ao monte, ao saltar un valado, ao atravesar un regato, cando se transite por camiños ou zonas con risco de esvarar ou caer, de camiño cara o posto da cacería e ao seu regreso, nos descansos, ao achegarse a persoas alleas á nosa actividade, ao remata-la cacería, etc.

8

Sinalizar temporalmente os accesos á zona de cacería, mediante sinais de "Atención Cacería"

Non quitárille-lo seguro á arma ata o momento no que se aviste claramente que se trata dunha peza de caza. Antes de efectua-lo disparo asegurarse que non existe ningunha persoa no campo de acción.

4

9

Indicar aos compañeiros, visualmente ou a través da emisora, a situación e posición.

5

Disparar de xeito que, no caso de faiar, a bala ou munición se espete na terra e non saia rebotada

10

Usar chalecos ou roupa de cores vivas porque aumentan a visibilidade. En contra do que se cree popularmente as cores vivas non espantan os animais, pois estes perciben máis o movemento que a través da súa propia visión.

Os dez mandamentos anteriores resúmense en dúas máximas:
SENTIDO COMÚN E PRUDENCIA